Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

# ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO

**Lugar:** Casa do Concello
**Día:** 16 de marzo de 2017
**Hora de comezo:** 12.30 h
**Hora de remate:** 13.10 h

## ASISTENTES:

Don Manuel Fernández Munín
Dona Mª Carmen Botana Cebeiro
Don Antonio González Barral
Don Jesús Sanjuás Mera

## AUSENTES:

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde, don Manuel Fernández Munín, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria –interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

## ORDE DO DIA

1. **Aprobación da acta anterior**
2. **Solicitude de subvención encamiñada á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais de CCAA de Galicia á Consellería de Economía, Emprego e Industria.**
3. **Xustificación subvención "proxecto de sinalización turística de Lestedo". Ano 2016**
4. **Xustificación subvención "potenciación turística de Boqueixón".**
5. **Corrección de erro no punto nº 15 da Xunta de Goberno do 16-02-2017**
6. **Solicitude financiamento prestación servizos sociais comunitarios polas corporacións locais . Ano 2017**
7. **Xustificación subvención para contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego. Ano 2016**
8. **Concesión de altas no servizo de saneamento**
9. **Dar conta das baixas e cambios de titularidade dos servizos de abastecemento e saneamento do 2º, 3º e 4º trimestres do 2016.**

10. **Aprobación convenio de colaboración entre o concello de Vila de Cruces e o concello de Boqueixón**
11. **Aboamento e indemnización por participación en tribunal de probas**
12. **Xustificación gastos grupo político e aboamento primeiro trimestre 2017**
13. **Arquivo expedientes de reclamación de contías por danos ocasionados en bens públicos**
14. **Aprobación realización campaña "A biblioteca somos tod@s"**
15. **Inscrición asociación no rexistro municipal do concello de Boqueixón**
16. **Solicitude espectáculos programa "Cultura no Camiño" 2017**
17. **Aprobación prezos públicos das actividades incluídas na xanela Primavera e avance verán 2017**
18. **Aprobación de facturas**
19. **Inicio contratación da obra incluída no PMA 2016**
20. **Puntos urxentes**
21. **Rogos e preguntas**

**DELIBERACIÓNS**

**1.Aprobación da acta anterior**

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 2 de marzo do 2017

**2.Solicitude de subvención encamiñada á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais de CCAA de Galicia á Consellería de Economía, Emprego e Industria.**

Vista a Orde do 27 de xaneiro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017 (código de procedemento IN519B) (DOG nº 35 do 20 de febreiro de 2017), o concello de Boqueixón está a realizar o trámite de solicitude.

Dita orde ten por obxecto subvencionar proxectos para a mellora dos servizos e o acondicionamento de infraestruturas existentes ou de nova incorporación co fin de que as empresas radicadas nos parques empresariais de Galicia poidan dispoñer de condicións máis competitivas para desenvolver a súa actividade económica.

Segundo o artigo 3º das bases (anexo I) da citada orde, no punto 1.b) establece como tipoloxía das actuacións e gastos subvencionables as "Novas plantas de depuración de augas (b.1); os proxectos poderán incluír, ou ter como obxecto, os colectores con verquido á depuradora municipal (b.2)".

O artigo 4 das bases (anexo I). Financiamento. Con carácter xeral, a intensidade das axudas será dun 80 % do importe total considerado como subvencionable e cun máximo de 120.000 euros por solicitude. O artigo 3º das bases establece que se considera subvencionable o imposto sobre o valor engadido (IVE) cando non sexa recuperable polo solicitante.

Os proxectos a subvencionar ao abeiro desta convocatoria deberán desenvolverse ao longo do ano 2017.

O artigo 4º da Orde de convocatoria. Lugar e prazo de presentación das solicitudes establece que o prazo de presentación de solicitudes será desde o 21 de febreiro de 2017 ó 20 de marzo de 2017, ambos os dous incluídos, e atendendo a que esta alcaldía delegou as competencias na Xunta de Goberno,

A Xunta de Goberno acorda:

1.- Para a actuación correpondente segundo á tipoloxía do proxecto que se vai a executar, segundo o artigo 3.1 das bases. Tipoloxía b.1:

a) Aprobar o Proxecto denominado instalación sistema de depuración no solo industrial de Camporrapado, e a memoria técnica xustificativa da actuación que se vai desenvolver e a solicitude de subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria para emprender a actuación solicitada e se aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde.
b).- Solicitar á Consellería de Economía, Emprego e Industria unha subvención por importe de 20.632,13 €, e aprobar o importe do proxecto denominado instalación sistema de depuración no solo industrial de Camporrapado por importe 25.790,16 €.
c).- Adquirir o compromiso de participar no financiamento da achega municipal correspondente ó Concello de Boqueixón que ascende a 5.158,03 €.

2.- Para a actuación correpondente segundo á tipoloxía do proxecto que se vai a executar, segundo o artigo 3.1 das bases. Tipoloxía b.2):

a) Aprobar o proxecto denominado rede colectores xerais no solo urbano industrial de Camporrapado, e a memoria técnica xustificativa da actuación que se vai desenvolver e a solicitude de subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria para emprender a actuación solicitada e se aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde.
b).- Solicitar á Consellería de Economía, Emprego e Industria unha subvención por importe de 75.358,72 €, e aprobar o importe do proxecto denominado rede colectores xerais no solo urbano industrial de Camporrapado por importe 94.198,40 €.
c).- Adquirir o compromiso de participar no financiamento da achega municipal correspondente ó Concello de Boqueixón que ascende a 18.839,68 €.

3.- Recoñecer que esta entidade posúe plena dispoñibilidade sobre os terreos ou predios onde se pretende realizar as actuacións que integran ámbolos dous proxectos para o cal se solicita a subvención.

4.- Comunicar este acordo á Consellería de Economía, Emprego e Industria

**3.Xustificación subvención "proxecto de sinalización turística de Lestedo". Ano 2016**

No BOP nº 221 do 18 de novembro do 2015 saíu publicada a convocatoria de subvencións dirixidas á concellos e outras entidades locais da provincia da Coruña para investimentos en promoción turística durante o exercicio 2016 (ref.: DP0006)

Por decreto de alcaldía de data do 16 de decembro de 2015, acordouse solicitar unha subvención en materia de Investimentos para Promoción Turística para o proxecto de “Sinalización Turística de Lestedo”.
Mediante a Resolución da Deputación número 15.077 do 27 de xuño de 2016 aprobouse a concesión definitiva dunha subvención de 3.498,12 € para “Sinalización turística de Lestedo” Cód. Exp.: 2015000007898.

Á vista do cal, téndose cumpridos todos os requisitos necesarios para a xustificación da subvención concedida, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Aprobar a conta xustificativa dos pagos realizados, do concepto de gasto e do tipo de documento:

| **Concepto aprobado na concesión** | **Datos do acredor** | | **Documento xustificativo** | | | | | | **Importe imputado** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | NOME Nome e apelidos (persoas físicas) Nome de empresa/entidade de completo | NIF | Concepto do xustificante | Tipo de documento | Data documento | Nº documento | Data pago | Importe do documento (Indicar só si non coincide co importe imputado) | |
| Sinalización turística de Lestedo | GRAFI-IDEAS, Diseño y Rotulación, SC | J-15631252 | 2 paneis de información turística | Factura | 28/12/2016 | 2016/583 | 29/12/2016 | 3.484,80 € | 3.484,80 € |
| | | | | | | | | **IMPORTE TOTAL XUSTIFICADO** | **3.484,80 €** |

2.- Aprobar a memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
3.- Que os xustificantes de pago da subvención referenciada, non foron presentados como xustificantes en convocatorias anteriores.
4.- Que a entidade executou a publicidade da colaboración financieira da Deputación da Coruña na información que realizou do desenvolvemento das actividades ou investimentos do proxecto de subvención.
5.- Que, para o mesmo obxecto, non se obtivo ningunha subvención pública ou privada.
6.- Que non se ten pendente de xustificación ningunha cantidade anticipada da Deputación na que xa rematara o prazo para a presentación dos xustificantes.
7.- Que está aprobada a última Conta Xeral que legalmente sexa exixible e tela presentada ante os órganos de control externo.
8.- Que se cumpriu a finalidade da subvención mediante a realización da actividade para a que foi concedida.
9.- Comunicar este acordo á Deputación da Coruña.

**4.Xustificación subvención “potenciación turística de Boqueixón”**

Con data do 18 de novembro de 2015 saíu publicado no BOP núm. 221 as Bases reguladoras da convocatoria do programa de subvencións dirixido ós concellos e outras entidades locais da provincia da Coruña para actividades de promoción turística durante o ano 2016 (programa DP0007).

O 17 de de decembro de 2015, o Concello de Boqueixón, solicita axuda económica para executar as actividades de promoción turística.

Por resolución da Deputación Provincial número 13.232 de 09.06.16 apróbase a concesión definitiva da subvención correspondente ó programa DP0007: convocatoria do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para actividades de Promoción Turística durante o ano 2016: cod exp. 2015000007894. Obxecto: Potenciación Turística de Boqueixón por un importe de 2.995,06 €.

Á vista do cal, téndose cumpridos todos os requisitos necesarios para a xustificación da subvención concedida, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Aprobar a conta xustificativa da subvención destinada a financiar gastos realizados, con identificación do nome da empresa, NIF, concepto, tipo de documento, data do documento, número de documento, tal e como consta na seguinte relación clasificada de pagos realizados:

| **Concepto aprobado na concesión** | **Datos do acredor** | | **Documento xustificativo** | | | | | | **Importe imputado** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | **NOME Nome e apelidos (persoas físicas) Nome de empresa/entidade completo** | **NIF** | **Concepto do xustificante** | **Tipo de documento** | **Data documento** | **Nº documento** | **Data pago** | **Importe do documento** | |
| Imprenta | LauCreaciones Soluciones de impresión Laugrupo | B-70220884 | Exposición para posta en valor do Pico: "O Pico Sacro no Códice Calixtino" | FACTURA | 26/12/2016 | G161179 | 28/12/16 | 2.294,93 € | 2.294,93 € |
| Imprenta | SCP Comunicación e Publicidade | B-70053863 | Deseño e impresión de material de promoción turística: 3 totems información turística. | FACTURA | 26/12/2016 | 1264 | 28/12/16 | 700.59 € | 700,59 € |

| **IMPORTE TOTAL XUSTIFICADO** | **2.995,52 €** |
|---|---|

2.- Aprobar a memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
3.- Que os xustificantes de pago da subvención referenciada, non foron presentados como xustificantes en convocatorias anteriores.
4.- Que a entidade executou a publicidade da colaboración financieira da Deputación da Coruña na información que realizou do desenvolvemento das actividades ou investimentos do proxecto de subvención.
5.- Que, para o mesmo obxecto, non se obtivo ningunha subvención pública ou privada.
6.- Que non se ten pendente de xustificación ningunha cantidade anticipada da Deputación na que xa rematara o prazo para a presentación dos xustificantes.
7.- Que está aprobada a última Conta Xeral que legalmente sexa esixible e tela presentada ante os órganos de control externo.
8.- Que se cumpriu a finalidade da subvención mediante a realización da actividade para a que foi concedida.
9.- Comunicar este acordo á Deputación da Coruña.

**5.Corrección de erro no punto nº 15 da Xunta de Goberno do 16-02-2017**

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o 16 de febreiro do 2017, no punto número 15 “Xustificación subvención financiamento servizos sociais comunitarios municipais, Deputación Provincial, ano 2016”, acordouse aprobar entre outros apartados o 1a)
a) Que as cantidades aboadas en concepto de retribucións brutas e seguros sociais a cargo do concello polos servizos prestados durante o ano 2016 do persoal directamente adscrito aos servizos sociais municipais comunitarios básicos, obxecto do plan, e os ingresos obtidos para o financiamento dos mesmos conceptos son os seguintes:

| | | | | | | Financiamento do Plan 2016 | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Módulos solicitados | Personal subvencionado | Nome, apelidos e CIF | Natureza da súa vinculación laboral | Tipo de xornada | Pagamentos efectuados | Achega Deputación | Achega Xunta | Achega das personas usuarias | Outras achegas | Achega municipal |
| IC | Auxiliar administrativo 1 | Lourdes García Abeijón, xxxxx | Funcionaria | Xornada completa | 26327,29 | 12028,57 | 0 | | | 14298,72 |
| IA | Auxiliar administrativo 2 | Teresa Castro Blanco, xxxxx | Per.laboral temporal | Xornada completa | 14723,64 | 13915,53 | 0 | | | 808,11 |
| IID | Técnico de grado medio 1 | María José Pereira Lareo, xxxxx | Per.laboral temporal | Xornada completa | 20836,61 | 13928,85 | 0 | | | 6907,76 |
| | Técnico de grado medio 2 | | | | | | 0 | | | 0 |
| | Técnico de grado superior 1 | | | | | | 0 | | | 0 |
| | Técnico de grado superior 2 | | | | | | 0 | | | 0 |
| | Personal auxiliar SAF Básico * (Indicar só número de traballadores/as) | PERSOAL PROPIO: Indicar só número de traballadores | | | | 17643,83 | 0 | 3399,73 | | 5865 |
| IV | | Empresa: ATENDO CIF: B-36875938 número de traballadores/as entre 1-2 | Por empresa contratada | | 26908,56 | | | | | |
| | | | | | | 57516,78 | 0 | 3399,73 | 0 | 27879,59 |
| | | | **Total pagamentos 88.796,1** | | | Total Financiamento 88.796,1 | | | | |

O módulo IV, elaborouse en base ó importe facilitado pola empresa Atendo Calidade SL, que presentou por escrito os datos relativos ós custos de auxiliares do servizo de axuda no fogar básico do concello de Boqueixón, por un total de 26.908,56 €.

Posteriormente, con data 9 de marzo do 2017, a citada empresa Atendo Calidade SL presenta un certificado na cal sinala que o importe total dos custos pola prestación do servizo de axuda no fogar ascende a 20.149,62 €.

Polo exposto, sendo necesario proceder coa corrección da contía do módulo IV e as variacións que elo con leva noutros importes da táboa, a Xunta de Goberno acorda:

1. Corrixir as contías que figuran na táboa do apartado 1a), tendo en conta que o importe total dos custos pola prestación do servizo de axuda no fogar ascende a 20.149,62 €:

"Que as cantidades aboadas en concepto de retribucións brutas e seguros sociais a cargo do concello polos servizos prestados durante o ano 2016 do persoal directamente adscrito aos servizos sociais municipais comunitarios básicos, obxecto do plan, e os ingresos obtidos para o financiamento dos mesmos conceptos son os seguintes:

| | | | | | | Financiamento do Plan 2016 | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Módulos solicitados | Personal subvencionado | Nome, apelidos e CIF | Natureza da súa vinculación laboral | Tipo de xornada | Pagamentos efectuados | Achega Deputación | Achega Xunta | Achega das personas usuarias | Outras achegas | Achega municipal |
| IC | Auxiliar administrativo 1 | Lourdes García Abeijón, xxxxx | Funcionaria | Xornada completa | 26327,29 | 12028,57 | 0 | | | 14298,72 |
| IA | Auxiliar administrativo 2 | Teresa Castro Blanco, xxxxx | Per.laboral temporal | Xornada completa | 14723,64 | 13915,53 | 0 | | | 808,11 |
| IID | Técnico de grado medio 1 | María José Pereira Lareo, xxxxx | Per.laboral temporal | Xornada completa | 20836,61 | 13928,85 | 0 | | | 6907,76 |
| | Técnico de grado medio 2 | | | | | | 0 | | | 0 |
| | Técnico de grado superior 1 | | | | | | 0 | | | 0 |
| | Técnico de grado superior 2 | | | | | | 0 | | | 0 |
| | Personal auxiliar SAF Básico * (Indicar só número de traballadores/as) | PERSOAL PROPIO: Indicar só número de traballadores | | | | 17643,83 | 0 | 3399,73 | | -893,94 |
| IV | | Empresa: ATENDO CIF: B-36875938 número de traballadores/as entre 1-2 | Por empresa contratada | | 20149,62 | | | | | |
| | | | | | | 57516,78 | 0 | 3399,73 | 0 | 21120,65 |
| | | | **Total pagamentos 82037,16** | | | **Total Financiamento 82037,16** | | | | |

2. Dar traslado desta corrección á Deputación Provincial da Coruña.

**6.Solicitude financiamento prestación servizos sociais comunitarios polas corporacións locais. Ano 2017**

O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o eu financiamento, modificado polo Decreto 148/2014, do 6 de novembro e a Orde do 31 de maio de 2016, define os equipos de servizos sociais segundo criterios poboacionais, sociais e demográficos. Boqueixón, segundo esta clasificación é unha área semiurbana 2 (Anexo I do decreto).

No artigo 34 defínense os tipos de equipo profesional de servizos sociais comunitarios básicos, establecendo no anexo II a dotación de persoal técnico segundo o tipo de concello e área, correspondendo por número de habitantes a este concello unha Unidade de Traballo Social que asegura a presenza dunha traballadora social.
Segundo o artigo 31 do capítulo V, as deputacións provinciais apoiarán prioritariamente o financiamento do SAF básico aos concellos de menos de 20.000 habitantes, así como o financiamento aos ditos concellos para a contratación de persoal técnico dos equipos

municipais de servizos sociais con perfís profesionais diferentes e complementarios ao do profesional de referencia (Traballador/a Social) que se regula no artigo 37 deste decreto.

O capítulo VIII, art. 40, establece como fontes de financiamento dos servizos comunitarios:

- Créditos consignados nos orzamentos das entidades locais titulares dos servizos.
- Achegas realizadas polas deputacións provinciais de acordo co establecido no artigo 31 do decreto.
- Achegas realizadas pola Xunta de Galicia.
- Recursos financeiros xerados polos ingresos en concepto de copagamento dos servizos que realicen as persoas usuarias, de conformidade coa normativa sectorial de aplicación.
- Calquera outra achega pública ou privada destinada a este fin.

O artigo 41 regula os aspectos xerais do financiamento por parte da Xunta de Galicia, que cofinanciará as corporacións locais mediante transferencias finalistas. Serán financiables os seguintes gastos:
-Retribucións de persoal
-Gastos derivados da prestación de axuda no fogar (para persoas dependentes reguladas no artigo 58).
- Gastos de xestión e realización doutros programas.

O artigo 58, establece o financiamento, pagamento e xustificación do servizo de axuda no fogar para persoas en situación de dependencia valoradas con dereito a atención recoñecida. Para este fin pon en funcionamento unha aplicación informática denominada SIGAD que xestiona os expedientes e listas do SAF de dependencia, intensidades horarias, etc. Na Xunta de Goberno que tivo lugar o día 20 de outubro de 2010, acordouse a adhesión deste concello ao dito convenio. En virtude do mesmo a Xunta de Galicia transfire trimestralmente ás corporacións locais as cantidades que correspondan ao SAF por dependencia en función das horas efectivamente prestadas e segundo os criterios para o financiamento do SAF recollidos no anexo III do decreto (9,7€ por hora efectiva de atención xustificada a persoas con PIA de SAF).

No artigo 61 do decreto tamén se regula a participación no financiamento do servizo de axuda no fogar das persoas dependentes valoradas con dereito recoñecido para SAF dependencia, así como doutros servizos básicos.

Con base no establecido neste Decreto e tendo en conta o artigo 50, que regula o cofinanciamento municipal dos gastos correntes derivados da prestación de servizos sociais comunitarios, os concellos de menos de 20.000 habitantes, achegarán o 20% do total do proxecto solicitado á Xunta, incluíndo en dita achega do 20% o financiamento da Deputación, copago das persoas usuarias, etc.
A petición para persoal do ano 2017 realízase con base nas cantidades concedidas pola Xunta no ano 2016 (tendo en conta o número de habitantes deste Concello só se financia a figura profesional da traballadora social xa que o resto de persoal debe ser cofinanciado con cargo á Deputación Provincial da Coruña).

No relativo ao servizo de axuda no fogar para persoas en situación de dependencia, solicítase a contía necesaria en función da asignación mensual de horas actuais a este

Concello (2038 horas ao mes), podendo sufrir variacións en función das altas e baixas que se vaian producindo ao longo do ano.

Con base ao establecido no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento,a Xunta de Goberno acorda:

- Solicitar á Consellería de Política Social a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal, regulada no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, publicado no Diario Oficial de Galicia n.º 63 do día 30 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento (e nas modificacións posteriores).

- Que o importe total do financiamento solicitado, segundo se reflicte neste resumo xeral é de **292.621,54 €,** co seguinte detalle:
  - Persoal: 16815 €
  - Mantemento: 600 €
  - Axuda no fogar para persoas dependentes: 237223,2 €
  - Xestión de programas:
    Escola Infantil Municipal: 33583,34 €
    Xantar na Casa: 4000 €
    CoidarNos: 400 €

- Continuar prestando nas mesmas condicións que no ano anterior os servizos sociais comunitarios municipais.

- Adoptar o compromiso de cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto presentado para a solicitude de financiamento para o ano 2017.

**7.Xustificación subvención para contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego. Ano 2016**

Con data do 30 de decembro de 2015, sae publicado no DOG número 248 a Orde do 29 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego no exercicio 2016.

Con data do 18 de febreiro de 2016 solicítase dita subvención coa finalidade de levar a cabo todas aquelas actuacións en medidas de información, acompañamento, motivación e asesoramento que, tendo en conta as circunstancias persoais da persoa beneficiaria, lle permitan determinar as súas capacidades e intereses e xestionar a súa traxectoria individual de aprendizaxe, a busca de emprego ou a posta en práctica de iniciativas empresariais.

Con data de rexistro de entrada no Concello de Boqueixón do 26 de xullo de 2016, recíbese a notificación da resolución favorable, por un importe de 23.000€, relativa á contratación de 1 persoa técnica por un período de 12 meses, dende o 1 de febreiro de 2016 ata o 31 de xaneiro de 2017.

Tendo en conta que o concello contratou a unha técnico durante o período subvencionado e que se prestou o servizo de información, orientación e prospección de emprego de xeito satisfactorio, e tendo en conta, así mesmo, que o prazo para a presentación da xustificación remata o 31 de marzo de 2017.

A Xunta de Goberno acorda:

a) Comunicar á Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria:

1. Que se cumpriu a finalidade da subvención concedida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria por un importe de 23.000€ para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego no exercicio 2016.
2. Que a subvención recibida para o desenvolvemento das accións de información, orientación e prospección de emprego do expediente de referencia, destinouse aos fins para os cales se concedeu e de acordo coa normativa aplicable a esta.
3. Que non se recibiu ningún outro ingreso ou subvención para a financiación da actividade subvencionada.
4. Que os pagos efectuados dende o 1 de febreiro de 2016 ata o 31 de xaneiro de 2017, ao persoal técnico orientador, se corresponden co seguinte desglose:

| **MES** | **CUSTOS SALARIAIS MENSUAIS (1)** | | | **CUSTOS SEG. SOCIAL MENSUAIS (2)** | | | **TOTAIS** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | SALARIO BRUTO (inc.pluses salariais) | P.P.PAGAS EXTRAS | CUSTO SALARIAL MENSUAL (A) | % COTA PATRONAL Á SEGURIDADE SOCIAL | CNAE/ OCUPACIÓN | COTA PATRONAL Á SEG.SOCIAL (B) | TOTAL CUSTO MENSUAL (A+B) |
| FEBREIRO | 1.243,65 | 207,28 | 1.450,93 | 32,10% | A | 465,75 | 1.916,68 |
| MARZO | 1.243,65 | 207,28 | 1.450,93 | 32,10% | A | 465,75 | 1.916,68 |
| ABRIL | 1.243,65 | 207,28 | 1.450,93 | 32,10% | A | 465,75 | 1.916,68 |
| MAIO | 1.243,65 | 207,28 | 1.450,93 | 32,10% | A | 465,75 | 1.916,68 |
| XUÑO | 1.243,65 | 207,28 | 1.450,93 | 32,10% | A | 465,75 | 1.916,68 |
| XULLO | 1.243,65 | 207,28 | 1.450,93 | 32,10% | A | 465,75 | 1.916,68 |
| AGOSTO | 1.243,65 | 207,28 | 1.450,93 | 32,10% | A | 465,75 | 1.916,68 |
| SETEMBRO | 1.243,65 | 207,28 | 1.450,93 | 32,10% | A | 465,75 | 1.916,68 |
| OUTUBRO | 1.243,65 | 207,28 | 1.450,93 | 32,10% | A | 465,75 | 1.916,68 |
| NOVEMBRO | 1.243,65 | 207,28 | 1.450,93 | 32,10% | A | 465,75 | 1.916,68 |
| DECEMBRO | 1.243,65 | 207,28 | 1.450,93 | 32,10% | A | 465,75 | 1.916,68 |
| XANEIRO | 1.243,65 | 207,28 | 1.450,93 | 32,10% | A | 465,75 | 1.916,68 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| TOTAL | 17.411,16 | 32,10% | A | 5.589,00 | 23.000,16 |

b) Aprobar a memoria xustificativa.

**8.Concesión de altas no servizo de saneamento**

A empresa Espina y Delfín presenta nestas dependencias municipais un escrito (rexistro de entrada nº 16/2263) no que se solicita dar de alta no servizo de saneamento a unha relación de usuarios, que xa constan como abonados no servizo de abastecemento.

Tendo en conta que todos eses usuarios cumpren as condicións necesarias para poder ser beneficiarios do servizo, procédese a autorizar a acometida á rede municipal de sumidoiros, segundo o regulamento do servizo municipal de saneamento, incluíndo como beneficiarios de dito servizo ós usuarios que se relacionan a continuación:

| Nome e enderezo fiscal | DNI | Enderezo inmoble | Taxa |
|---|---|---|---|
| Mª DEL PILAR xxxxx<br>xxxxx.- Ledesma<br>15882 Boqueixón (A Coruña) | xxxxx | xxxxx. - Ledesma – 15882 Boqueixón | 54,86 € |
| Álvaro xxxxx<br>xxxxx – Boqueixón<br>15881 Boqueixón (A Coruña) | xxxxx | xxxxx – Boqueixón – 15881 Boqueixón | 54,86 € |
| Patrimonial FERANPE, SL<br>Cusanca – Lestedo<br>15881 Boqueixón (A Coruña) | B15838642 | Cusanca – Lestedo – 15881 Boqueixón | 54,86 € |
| Alberto xxxxx<br>xxxxx<br>15882 Boqueixón | xxxxx | xxxxx 15882 Boqueixón | 54,86 € |
| Construcciones Rico Gianeda, SL<br>Fonteblanca - Sucira<br>15882 Boqueixón | B70379904 | xxxxx 15882 Boqueixón | 54,86 € |
| José xxxxx<br>xxxxx - Sucira<br>15882 Boqueixón | xxxxx | xxxxx – Sucira – 15882 Boqueixón | 54,86 € |

Polo que, a Xunta de Goberno acorda:

**1º-** Dar de alta no servizo de saneamento ós usuarios que se detallan na relación anterior, establecendo as taxas correspondentes que se rexerán pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de saneamento.
As altas concedidas son para vivenda.

**2º-** Aprobar a liquidación da taxa correspondente pola alta do servizo, por importe de 54,86 €, que deberá ser ingresada polos usuarios nas arcas municipais, na seguinte conta bancaria, a nome do Concello de Boqueixón: xxxxx (Abanca – Lestedo)

**3º-** Notificar este acordo ós beneficiarios citados anteriormente ó enderezo fiscal indicado.

**9.Dar conta das baixas e cambios de titularidade dos servizos de abastecemento e saneamento do 2º, 3º e 4º trimestres do 2016.**

Dase conta á Xunta de Goberno das baixas e os cambios de titularidade correspondentes ós servizos de abastecemento e saneamento que se realizaron durante o segundo, terceiro e cuarto trimestres do 2016:

<u>Relación de baixas dos servizos de abastecemento e saneamento:</u>

| **2º TRIMESTRE 2016** | | | |
|---|---|---|---|
| **Nome Abonado con NIF** | **Nº Abonado** | **Enderezo inmoble** | **Servizo baixa** |
| José xxxxx<br>NIF: xxxxx | 43/000983 | xxxxx – Donas | Abastecemento |
| Ramón xxxxx - Carnicería<br>NIF: xxxxx | 43/000432 | xxxxx - Baixo – Lestedo | Abastecemento |
| José xxxxx<br>NIF: xxxxx | 43/000484 | xxxxx - Lamas | Abastecemento |
| José xxxxx<br>NIF: xxxxx | 43/000848 | xxxxx - Ledesma | Abastecemento |

| **3º TRIMESTRE 2016** | | | |
|---|---|---|---|
| **Nome Abonado con NIF** | **Nº Abonado** | **Enderezo inmoble** | **Servizo baixa** |
| Elena xxxxx<br>NIF: xxxxx | 43/000976 | xxxxx - Boqueixón | Abastecemento |

| **4º TRIMESTRE 2016** | | | |
|---|---|---|---|
| **Nome Abonado con NIF** | **Nº Abonado** | **Enderezo inmoble** | **Servizo baixa** |
| Francisco xxxxx<br>NIF: xxxxx | 43/000971 | xxxxx - Sergude | Abastecemento |
| José xxxxx<br>NIF: xxxxx | 43/000096 | xxxxx - Ledesma | Abastecemento |
| José xxxxx<br>NIF: xxxxx | 43000340 | xxxxx - Boqueixón | Abastecemento |
| María xxxxx<br>NIF: xxxxx | 43001815 | xxxxx - Pousada | Saneamento |

<u>Relación de cambios de titularidade:</u>

| **2º TRIMESTRE 2016** | | | |
|---|---|---|---|
| **Novo Titular con NIF** | **Nome anterior abonado** | **Nº Abonado** | **Enderezo inmoble** |
| Isaura xxxxx<br>NIF: xxxxx | Jesús xxxxx<br>NIF: xxxxx | 43000384 | xxxxx - Lestedo |
| Nieves xxxxx<br>NIF: xxxxx | Ramón xxxxx<br>NIF: xxxxx | 43000261 | xxxxx- Pousada |
| Banco Pastor, S.A.U.<br>CIF: A86507092 | Sande Pintor y Otros, C.B.<br>CIF: E70051032 | 43000854 | Polígono Industrial SAUI-1, Nº 20 - Sergude |
| Juan Manuel xxxxx<br>NIF: xxxxx | Manuel xxxxx<br>NIF: xxxxx | 43000700 | xxxxx - Sergude |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Juan Manuel xxxxx<br>NIF: xxxxx | Manuel xxxxx<br>NIF: xxxxx | 43000702 | Xxxxx - Sergude |
| Martín xxxxx<br>NIF: xxxxx | Manuel xxxxx<br>NIF: xxxxx | 43000703 | Xxxxx - Sergude |
| Juan Manuel xxxxx<br>NIF: xxxxx | Manuel xxxxx<br>NIF: xxxxx | 43000701 | Xxxxx - Sergude |
| Lucinda xxxxx<br>NIF: xxxxx | José xxxxx<br>NIF: xxxxx | 43000363 | Xxxxx - Lestedo |
| Jorge xxxxx<br>NIF: xxxxx | María Nieves xxxxx<br>NIF: xxxxx | 43001104 | Xxxxx - Lamas |
| Preciosa xxxxx<br>NIF: xxxxx | Ramón xxxxx<br>NIF: xxxxx | 43000916<br>43000921 | Xxxxx - Lestedo |
| Parrillada O Breixo, S.L.<br>xxxxx | Jenaro xxxxx<br>NIF: xxxxx | 43001211 | Xxxxx - Sergude |
| Ramón xxxxx<br>NIF: xxxxx | Ramón xxxxx<br>NIF: xxxxx | 43000178 | Xxxxx - Oural |
| Pascual xxxxx<br>NIF: xxxxx | Benigno xxxxx<br>NIF: xxxxx | 43000422 | Xxxxx - Lestedo |
| Alba xxxxx<br>NIF: xxxxx | Francisco xxxxx<br>NIF: xxxxx | 43000953 | Xxxxx – A Granxa |
| Manuel xxxxx<br>NIF: xxxxx | José Carlos xxxxx<br>NIF: xxxxx | 43000354 | Xxxxx - Boqueixón |
| Magdalena xxxxx<br>NIF: xxxxx | José xxxxx<br>NIF: xxxxx | 43001077 | Xxxxx - Lestedo |

| 3º TRIMESTRE 2016 | | | |
|---|---|---|---|
| **Novo Titular con NIF** | **Nome anterior abonado** | **Nº Abonado** | **Enderezo inmoble** |
| Farmacia Porto, C.B.<br>NIF: E70482260 | Mª Cristina xxxxx<br>NIF: xxxxx | 43000348 | Xxxxx – Boqueixón |
| Jancor Negocios España, S.L.<br>CIF: B70067269 | SLEEPING, S.L.<br>XXL Producción Ecoxistica, S.L. | 43000910 | Xxxxx - Lestedo |
| Annia xxxxx<br>NIF: xxxxx | José Antonio xxxxx<br>NIF: xxxxx | 43001119 | Xxxxx - Lestedo |
| Amalia xxxxx<br>NIF: xxxxx | José xxxxx<br>NIF: xxxxx | 43000858 | Xxxxx - Lestedo |
| Cristina xxxxx<br>NIF: xxxxx | María Mercedes xxxxx<br>NIF: xxxxx | 43000888 | Xxxxx - Sergude |

| 4º TRIMESTRE 2016 | | | |
|---|---|---|---|
| **Novo Titular con NIF** | **Nome anterior abonado** | **Nº Abonado** | **Enderezo inmoble** |
| Carmen xxxxx<br>NIF: xxxxx | Pedro xxxxx<br>NIF: xxxxx | 43001441 | Xxxxx - Sergude |
| María Josefa xxxxx<br>NIF: xxxxx | Concepción xxxxx<br>NIF: xxxxx | 43000032 | Xxxxx - Sergude |
| Sara xxxxx<br>NIF: xxxxx | María xxxxx<br>NIF: xxxxx | 43000175 | Xxxxx - Oural |
| Concello de Boqueixón<br>CIF: P1501200H | Elisa xxxxx<br>NIF: xxxxx | 43000341 | Xxxxx - Boqueixón |
| Carlos xxxxx<br>NIF: xxxxx | María Rosario xxxxx<br>NIF: xxxxx | 43001657 | Xxxxx - Sergude |
| María xxxxx | Antonio xxxxx | 43001379 | Xxxxx - Oural |

| | | | |
|---|---|---|---|
| NIF: xxxxx | NIF: xxxxx | | |
| Francisco xxxxx<br>NIF: xxxxx | César xxxxx<br>NIF: xxxxx | 43000560 | Xxxxx - Lestedo |
| María Dolores xxxxx<br>NIF: xxxxx | Lino xxxxx<br>NIF: xxxxx | 43000724 | Xxxxx - Sergude |

**10.Aprobación convenio de colaboración entre o concello de Vila de Cruces e o concello de Boqueixón**

Como consecuencia do temporal de vento e auga dos días 3, 4 e 5 de febreiro produciuse a rotura da torreta de televisión situada no lugar de Castromouzo, na parroquia de Gres, que da cobertura da sinal dixital terrestre ás parroquias de Gres e Camanzo no concello de Vila de Cruces e ás parroquias de Ponteledesma e Subcira no concello de Boqueixón.

Tal como consta no presuposto de data 7/02/2017 emitido por Electricidade Arteaga Gres, S.L e remitido polo concello de Vila de Cruces ao concello de Boqueixón , preténdese colocar unha torreta de 26 m construída en ángulo de 90 con travesaños horizontais e inclinados cada 50 cm; gramallada e pintada en verde. O custo desta torreta ascende a 10.290 € máis IVE.

É necesario colocar un pararraios cuxo custo ascende a 830 € máis IVE
Así mesmo, é necesario alugar unha grúa de 30 toneladas para retirar a torreta tirada polo temporal e colocar a nova torreta. Esta operación, pode durar 8 horas e o prezo por hora ascende a 150 € máis IVE, aparte do custo do desprazamento que ascende a 200 € máis IVE.

Por último, o custo de mande obra ascende a 900 €.
Aínda que a torreta se sitúa no concello de Vila de Cruces a súa cobertura esténdese ao concello de Boqueixón e número de persoas beneficiarias se non superior, son as mesmas que as de Vila de Cruces.

Por todo isto, a Xunta de Goberno acorda:

1. Aprobar o seguinte convenio de colaboración entre o concello de Vila de Cruces e o concello de Boqueixón para a construción e colocación dunha nova torreta de televisión (sinal TDT) situada no lugar de Castromouzo, derribada polo temporal de vento que azoutou Galicia en febreiro deste ano:
“

REUNIDOS

Concello de Vila de Cruces (Pontevedra) - Concello de Boqueixón (A Coruña)

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VILA DE CRUCES E O CONCELLO DE BOQUEIXÓN PARA A COLOCACIÓN DUNHA NOVA TORRETA DE TELEVISIÓN (SINAL TDT) TRAS A CAÍDA DA ANTIGA TORRETA A CAUSA DO TEMPORAL DE VENTO QUE AZOUTOU GALICIA.

En Vila de Cruces, a día de marzo de 2017.

## R E U N I D O S

Dunha parte, **Jesús Otero Varela**, con D.N.I. nº.: xxxxx , en calidade de Alcalde de Vila de Cruces, representando ao Concello de Vila de Cruces, con C.I.F. P-3605900-D, con domicilio na Praza Juan Carlos I, s/n, 36590 - Vila de Cruces (Pontevedra), actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Doutra parte, **Manuel Fernández Munín**, con D.N.I. xxxxx, en calidade de Alcalde de Boqueixón, representando ao Concello de Boqueixón, con C.I.F. P-1501200-H, con domicilio en O Forte, s/n, 15881- Boqueixón (A Coruña), actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Ambas partes recoñécense con capacidade para formalizar este convenio e, en base aos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións entre as administracións públicas,

## E X P O Ñ E N

PRIMEIRO:
O pasados días 3, 4 e 5 de febreiro do presente ano toda Galicia sufriu un temporal de vento e auga que ocasionou importantes danos en instalacións e dotacións públicas, sendo moi notable o traballo realizado polas brigadas de operarios das distintas administracións públicas na retirada dos restos do temporal e na habilitación das vías públicas, que en moitos casos estaban cortadas pola caída de árbores do temporal.

SEGUNDO:
Dentro dos danos causados nas dotacións públicas, cabe destacar a rotura da torreta de televisión situada no lugar de Castromouzo, na parroquia de Gres, que da cobertura da sinal dixital terrestre ás parroquia de Gres e Camanzo no Concello de Vila de Cruces (Pontevedra), e ás parroquias de Ponteledesma e Subcira no Concello de Boqueixón (A Coruña).
Dende os equipos colocados nesta torreta dáse cobertura televisiva aos núcleos de poboación existente a ambos lados do río Ulla, tanto aos pertencentes ao Concello de Vila de Cruces como aos pertencentes ao Concello de Boqueixón.

TERCEIRO:
Aínda que a torreta atópase colocada no termo municipal de Vila de Cruces, e dado que emite sinal para ambos lados do río e da cobertura televisiva a varias poboacións dos Concellos de Vila de Cruces e Boqueixón, resulta obvio proceder á sufragar os custos da instalación dunha nova torreta entre os entes locais de Vila de Cruces e Boqueixón, xa que ambos termos municipais se benefician desta instalación.
En base o anteriormente exposto, estas dúas entidades acordan firmar o presente convenio de colaboración que se rexera polas seguintes cláusulas:

## C L Á U S U L A S :

1.- É obxecto do presente convenio regular o marco de actuación e colaboración entre o Concello de Vila de Cruces e o Concello de Boqueixón para sufragar os custos da

instalación dunha nova torreta onde situar os equipos de transmisión da sinal dixital terrestre.

2.- O Concello de Vila de Cruces e o Concello de Boqueixón comprométense a sufragar, de común acordo e nunha proporción do 50 % cada ente local o custo de instalación dunha nova torreta no lugar de Castromouzo.

3.- Dado que a instalación da correspondente torreta levarase a cabo no termo municipal de Vila de Cruces, será o Concello de Vila de Cruces o que leve a cabo as xestións oportunas para a súa construción e posterior colocación.

4.- Unha vez realizados os traballos e instalada a correspondente torreta, a empresa que realice os traballos facturará a cada entidade local o correspondente ao 50 % do custo total da construción e colocación da mesma.
O orzamento para construción e colocación da nova torreta ascende a 16.238,20 € (IVE incluído), polo que cada Concello comprométese a abonar a cantidade de 8.119.10 €, correspondente ao 50 % do custo total.

5.- Tentarase que as actuacións de construción, instalación e posta en funcionamento dos equipos de transmisión do sinal dixital terrestre se leven a cabo coa maior brevidade, posto que existen varios núcleos de poboación que dende o temporal de vento descrito anteriormente non teñen acceso ao servizo de televisión.

6.- O presente Convenio entrará en vigor o día seguinte da súa sinatura e terá a vixencia necesaria ata que sexan realizados os traballos e aboadas as correspondentes facturas de pago.

7.- Será causa de extinción deste Convenio de colaboración o incumprimento de calquera das súas cláusulas, e as demais previstas na lexislación vixente.

Os comparecentes aceptan integramente o contido do presente documento, asinando por duplicado e a este so efecto, no lugar e data do encabezamento."

**2.** Reter o crédito de 8.119,10 €, na partida presupostaria 16.221.99, para o aboamento do citado importe unha vez executados e certificados os correspondentes traballos.

**11.Aboamento e indemnización por participación en tribunal de probas**

Por resolución da alcaldía de data 6 de marzo do 2017, designáronse os membros do tribunal cualificador das probas para a contratación temporal de cinco operarios de servizos múltiples para o ano 2017.
O número total de solicitudes presentadas e admitidas ascende a once.
Así mesmo, resolveuse convocar ao tribunal para a baremación de méritos e para a realización das probas o día 10 de marzo, ás 9.00 horas (baremación), ás 10.30 horas (probas escritas) e ás 11.30 horas (proba práctica) respectivamente.
O Real Decreto 462/2001 de 24 de maio sobre indemnizacións por razóns do servizo prevé no anexo IV os importes das indemnizacións por participación en tribunais de oposición, e concretamente para a categoría terceira (acceso a corpos ou escalas dos grupos D e E ou persoal laboral asimilables) establece as seguintes contías:

- Presidente e secretarios: 39,78 €
- Vogais: 36,72 €

Á vista do cal, a Xunta de Goberno acorda:

1. Aprobar as seguintes indemnizacións pola participación do tribunal nas probas para a contratación de cinco operarios de servizos múltiples:
- Presidente: Juan M. Corral Sánchez, 119,34 €
- Secretaria: Adela Lamela Arteaga, 119,34 €
- Vogais: José María SoutoTemes, 110,16 €
  Mª Victoria Negrín Blanco, 110,16 €
  Pilar Pazos Santasmarinas, 110,16 €

2. Dar conta deste acordo a Tesourería para que se proceda co seu aboamento.

## 12.Xustificación gastos grupo político e aboamento primeiro trimestre 2017

En cumprimento do acordo plenario de data 11/11/2015 aboaránselle aos grupos municipais os seguintes importes:

| Grupo político | Dotación fixa | Dotación variable |
|---|---|---|
| PP | 200 € | 2.255 € |
| Veciñ@s | 200 € | 845 € |

Con data 3 de febreiro do 2017, desde o departamento de intervención, remitíuselles un escrito no cal se lles comunica que para efectuar o aboamento dos importes correspondentes ao ano 2017, deben presentarse os xustificantes dos gastos realizados no 2016 con cargo á dotación variable.

Con data 9 de marzo do 2017, rexistro de entrada número 9990006, recíbese a conta xustificativa dos gastos realizados no ano 2016 polo grupo municipal Veciñ@s.

Revisados os documentos presentados xunto coa citada conta xustificativa en relación coa dotación variable e comprobados por intervención e tendo en conta que o importe total xustificado ascende a 873,31 €, dáse por correctamente xustificado o importe recibido do concello, polo que a Xunta de Goberno acorda:

1. Aprobar a xustificación dos gastos realizados no ano 2016 pola agrupación municipal Veciñ@s en relación coa dotación variable (845 €).

2. Ingresar ó grupo municipal Veciñ@s o importe de 261,25 € correspondentes ó primeiro trimestre do 2017.

3. Comunicar ó grupo municipal Veciñ@s que deberán presentar a correspondente conta xustificativa dos gastos realizados, con cargo ós importes recibidos.

## 13.Arquivo expedientes de reclamación de contías por danos ocasionados en bens públicos

A)Con data 8 de agosto do 2016 o tractor modelo John Derek, matrícula xxxxx, propiedade de SAT AS REGAS, 924 XUGA, impactou contra un farol público ornamental, destrozando o mesmo, na travesía de O Forte, preto da AC 960.

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o 6 de outubro do 2016 acordouse aprobar a valoración do arranxo por importe de 838,90 € e comunicarlle tanto ó propietario do vehículo como á empresa aseguradora do mesmo (MAPFRE seguros) a obriga de proceder nun prazo de 30 días co aboamento do custo do arranxo do farol destrozado.

Na Xunta de Goberno do 17 de novembro do 2016 iniciouse a execución subsidiaria do expediente de reclamación de contía.
Comunicóuselle igualmente á empresa encargada do mantemento da iluminación pública do concello que presentase a correspondente factura, unha vez executadas as obras de reposición do farol.

Dita factura foi presentada con data 28 de decembro do 2016, con número de entrada 2016/2862, por importe total de 838,90 euros, aprobada en Xunta de Goberno do 19 de xaneiro do 2017 e aboada o 31 de xaneiro do 2017.

